



ROGO PARA A SINALIZACIÓN DE LUGARES DE INTERESE NA CIDADE

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son varias as iniciativas que temos presentado baixo a forma de rogo para tratar de interesar ao Goberno pola necesidade de mellorar a sinalización na cidade e, dunha maneira especial, no contorno da Catedral. Por citar algunha delas, en xaneiro de 2016 aludiamos aos problemas coa sinalización do novo Centro Internacional de Acollida de Peregrinos (CIAP) desde as rúas do Vilar e Fonseca; en novembro dese mesmo ano 2016 á reposición do cartel informativo retirado na rúa Travesa de Fonseca; ou mediante un rogo xenérico presentado en setembro de 2017 para que se sinalizaran os lugares de interese para visitantes volviendo a citar o Centro de Acollida de Peregrinos e as estacións de autobuses e ferroviaria.

As respostas dadas en todos eses casos apenas tiveron resultado práctico. Baixo as dúas reiteradas fórmulas empregada por este Goberno de “tomamos nota” ou “atendemos o rogo”, os distintos concelleiros foron saíndo do paso sen que a día de hoxe se materializasen a maior parte das cuestións expostas. En todo o tempo transcorrido, apenas se instalou unha indicación do Centro Internacional de Acollida de Peregrinos, que segue a precisar unha mellor sinalización; o cartel da rúa Travesa de Fonseca, cos parafusos no chan, segue á espera da súa reposición pasado un ano e medio; e a sinalización dos principais lugares de interese para os visitantes segue agardando por un “plan de sinalización ambicioso” que ao parecer xa estaba a elaborar o Goberno hai dez meses.

Mentres tanto, as persoas que nos visitan e boa parte da veciñanza seguen botando en falta unha sinalización que lle informe de lugares e centros de servizos, de forma especial nos arredores da Catedral, centro neuráxico da cidade histórica e do turismo na actualidade. Unha carencia á que nos últimos tempos se lle van sumado novas baixas, como o cartel indicador dos baños públicos que desapareceu no tramo final do Camiño, preto do Arco de Xelmírez.

Inaccesible ao desalento e ante a constatación dunha necesidade agravada no tempo, o Grupo Municipal Popular reitera o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Concello se proceda coa maior urxencia posible á mellora e reposición dos elementos informativos nos puntos máis transitados da cidade, cunha atención especial aos arredores da Catedral, para indicar os principais destinos que poidan demandar os visitantes, entre eles o Centro Internacional de Acollida de Peregrinos, as estacións de tren e de autobuses e os aseos públicos.

Santiago de Compostela, a 9 de xullo de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular